
INFORME

Novembro 2004

A SITUACIÓN DO LITORAL GALEGO DOUS ANOS DESPOIS DA CATÁSTROFE DO *PRESTIGE*



**Asociación para a Defensa
Ecolóxica de Galiza**



**Federación Ecoloxista
Galega**



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza **ADEGA**

Praza Camilo Diaz Valiño 15-2º A.
15704-Santiago de Compostela (Galiza)
Tel. e Fax: (+ 34) 981-570099.
Correo-e: adega@adegagaliza.org
Web: www.adegagaliza.org



Federación Ecoloxista Galega

FEG

Apartado 949. 15780 Santiago.
Tel.: 981 575444
Correo-e: feg@jet.es
<http://web.jet.es/feg/index.htm>

Informe elaborado por:

Martiño Nercellas Méndez.
Xabier Vázquez Pumariño. Vocal da Área de Biodiversidade de ADEGA
Xosé Luís Castro Baleato. Coordinador Xeral da FEG

Santiago de Compostela, Novembro de 2004

INDICE

INTRODUCCIÓN.	4
SITUACIÓN ACTUAL: ESPAZOS AFECTADOS E PROPOSTAS.	4
1. Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.	4
2. Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán.	5
Rede Natura 2000.	6
3. Baixo Miño.	6
4. A Ramallosa.	6
5. Ilas Estelas.	6
6. Costa da Vela	6
7. Cabo Udra.	7
8. Complexo Illa de Ons – O Grove	7
9. Complexo húmido de Corrubedo.	8
10. Monte e Lagoa de Louro.	8
11. Carnota – Monte Pindo.	9
12. Costa da Morte.	10
13. Costa de Dexo.	14
14. Costa Ártabra.	15
15. Ortigueira – Mera.	16
16. Estaca de Bares.	16
17. Ría de Foz – Masma.	16
18. As Catedrais.	17
19. Ría de Ribadeo.	17
Protección dos espazos naturais.	17
Proxectos de estudio e avaliación: outro punto feble.	18
Bioremediación: eivas na súa aplicación.	18
OS DANOS ÁS ESPECIES E ECOSISTEMAS MARIÑOS: CÚMPRENSE AS PREDICCIÓNS.	19
¿Repoboacións con especies mariñas?	21
NAVEGACIÓN E PROTECCIÓN DO LITORAL.	22
PLAN GALICIA: MAREA GRIS	22
OS RESIDUOS NAS BALSAS.	24
CONCLUSIÓNS	25
ANEXO I.	27

INTRODUCCIÓN.

Pasaron dous anos despois do SOS, afastamento e afundimento do buque *Prestige*, que provocou unha das mareas negras máis catastróficas da historia da navegación. Logo das imaxes espectaculares e dos titulares dos xornais, logo das cabeceiras dos informativos e das masivas protestas, semellaría que esta historia está morta e esquecida. Nada máis lonxe da realidade: a situación ambiental da costa galega por mor da catástrofe aínda está a iniciar un declive extraordinario debido á contaminación, os danos comézanse a coñecer e aínda quedan toneladas de chapapote.

Por si todo isto fora pouco, o litoral segue exactamente igual de desprotexido que fai dous anos, con feitos que obxectivamente – e desafortunadamente – avalan esta afirmación como as dúas pequenas mareas negras acontecidas no 2004, unha en Semana Santa e outra en pleno mes de agosto.

Por estes motivos, dende ADEGA e a FEG queremos chamar a atención, unha vez máis, sobre a catástrofe ecolóxica. Inda que xa non figure nas cabeceiras dos xornais nin na primeira páxina das axendas políticas, seguimos a ter un grave problema e non se solucionaron as causas que o provocaron.

Neste informe recolleemos información ambiental sobre o litoral a data de hoxe e facemos notar as deficiencias que temos.

SITUACIÓN ACTUAL: ESPAZOS AFECTADOS E PROPOSTAS.

No litoral galego hai 25 espazos naturais propostos a formar parte da Rede Natura 2000, a futura rede europea de espazos naturais que pretende salvagardar a maior parte da biodiversidade europea. Estes espazos resultaron afectados pola chegada do fuel fai dous anos, nalgúns casos de xeito intenso e noutros con chegadas de fuel reducidas. Por outra banda, no litoral galego atopamos dous espazos protexidos máis cunha categoría superior polo momento, xa que está previsto que a Rede Natura 2000 comece a funcionar de xeito efectivo no 2005; estes espazos, que igualmente coinciden coa Rede Natura 2000, son o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas e o Parque Natural de Corrubedo.

Pois ben, despois de dous anos, estes espazos presentan grados de contaminación e impregnación por fuel irregulares, estando algúns deles seriamente afectados, particularmente os denominados Costa da Morte, Carnota-Monte Pindo, Monte e Lagoa de Louro e o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Segundo os espazos naturais que se atopan facemos a seguinte análise:

1. Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.

A 5 de decembro de 2002 a situación descrita polo Organismo Autónomo Parques Nacionales no primeiro comunicado oficial¹ sobre situación e actuacións no Parque Nacional das Illas Atlánticas en relación á catástrofe do Prestige é a seguinte:

No arquipélago de Illa de Sálvora:

A porcentaxe de afección cífrase no 80% do perímetro da illa.

¹ Nota 1 do 5 de decembro de 2002. Organismo Autónomo de Parques Nacionales. Ministerio de Medio Ambiente. NOTA INFORMATIVA SOBRE LAS ACTUACIONES REALIZADAS POR EL ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUES NACIONALES EN RELACIÓN CON EL ACCIDENTE DEL PRESTIGE

No arquipélago da Illa de Ons:

A porcentaxe de afección cífrase nun 70% do perímetro da illa, e pode aumentar. Nas últimas horas prodúcese un aumento da afección na zona oriental.

No arquipélago das Cíes:

A porcentaxe de afección cífrase nun 30% do perímetro da Illa, e pode aumentar.

Un día despois, o 6 de decembro de 2002 a situación descrita polo Organismo Autónomo Parques Nacionales no segundo comunicado oficial² sobre situación e actuacións no Parque Nacional das Illas Atlánticas en relación á catástrofe do Prestige é a seguinte:

No arquipélago de Illa de Sálvora :

A porcentaxe de afección cífrase no 90% do perímetro da illa, observándose depósitos de fuel nun 35% da mesma.

No arquipélago da Illa de Ons:

A porcentaxe de afección cífrase nun 95% do perímetro da illa, aínda que as zonas afectadas por depósitos de fuel son da orde do 50% do citado perímetro.

No arquipélago das Cíes:

A porcentaxe de afección cífrase nun 90% do perímetro da Illa, aínda que as zonas afectadas por depósitos de fuel son da orde do 45 % do citado perímetro.

Os dous últimos informes ofrecidos publicamente por este organismo datan do 18 e 19 de setembro de 2003 –números 288 e 289 -, data na que se dan por finalizados os labores de limpeza. Segundo estes partes, quedan con esa data 8 calas rochosas manchadas, o que supón unha superficie de aproximadamente 1 hectárea – equivalente a un campo de fútbol –pendente de ser tratada por métodos de biorremediación inducida. Queda pendente tamén comprobar a situación dos fondos mariños fronte á praia de Figueiras (Illas Cíes) para o que se vai dispoñer un grupo de mergulladores que continuarían retirando fuel. Con método foron retirados 1.593,485 Tm. A superficie rochosa hidrolimpada no intermareal alcanza as 33.305 m² – equivalente a uns 3 campos de fútbol -.

Situación actual.

Na actualidade –setembro e outubro de 2004 – están baixo tratamento de biorremediación varias calas nas Illas Cíes, Ons e Sálvora. Algúns dos puntos que están a ser tratados por este sistema son : Entre a praia de Figueiras e Costa da Cantareira (Illas Cíes); rochas en Canexol e Pereiro, en Areas dos Cans, cantís de Cova da Vella, cantís de Liñeiros, e cantís de Caniveliñas (nas Illas de Ons). Na Illa de Sálvora a tratamentos cóidos entre a Punta da Volta e Punta da Cova. En rochedos da praia de Zafra, Boi e praia de Os Lagos existen restos de salpicaduras e impregnacións de fuel, e tamén na vertente oeste da Illa de Vionta.

2. Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán.

O vertido do Prestige chegou practicamente ó 100% da liña de costa do Parque Natural e en parte dos seus fondos, producíndose igualmente a entrada de hidrocarburos na

² Nota 2 do 6 de decembro de 2002. Organismo Autónomo de Parques Nacionales. Ministerio de Medio Ambiente. NOTA INFORMATIVA SOBRE LAS ACTUACIONES REALIZADAS POR EL ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUES NACIONALES EN RELACIÓN CON EL ACCIDENTE DEL PRESTIGE

marisma e lagoas de Carregal e Vixán, masivamente nun principio, antes da instalación de barreiras anticontaminación nos canais de desaugadoiro.

A relación das áreas nas que comprobouse visualmente a chegada de fuel, non se ten en conta a contaminación derivada (non perceptible visualmente en moitos dos casos), esténdese practicamente á totalidade da franxa litoral do Parque, producíndose as maiores acumulacións ou danos en:

Punta Graña, Punta Bravo de Aguiño, desembocadura de Vixán, Praia de A Lagoa, Praia de O vilar, Praia de As Pozas, Río do Mar e desembocadura de Carregal, Praia de Ferreira, Praia Ladeira.

Situación actual:

Con data de agosto de 2004 existen restos de fuel procedente do Prestige en treitos rochosos entre Aguiño e Vixán, parte deles dentro do Parque Natural e o resto incluído dentro do espazo natural protexido proposto para a Rede Natura 2000. Existen restos de fuel moi atomizado nas marxes e canles da marisma de Carregal, ó igual que nas marxes e canle de desaugadoiro da lagoa de Vixán.

Durante a primavera e verán de 2004 continúan os traballos de retirada e descontaminación de fuel dentro dos límites do Parque.

Rede Natura 2000.

3. Baixo Miño.

Prodúcese a chegada directa de fuel á franxa marítimo-terrestre, perceptible visualmente pola presenza de manchas ou fragmentos de mediano ou grande tamaño –galletas de máis de 10 cm. de diámetro - , fuel moi atomizado en pequenos fragmentos - inferiores ós 10 cm., e irisacións (fina película oleosa sobre a auga), sobre as marxes da desembocadura do esteiro do río Miño. Isto prodúcese principalmente entre o 5 e 17 de decembro de 2002.

Nalgúns puntos das marxes do interior do esteiro obsérvanse numerosas irisacións durante decembro de 2002 e xaneiro de 2003.

4. A Ramallosa.

Prodúcese unha leve chegada de chapapote, centrándose basicamente na presenza de multitude de fragmentos de pequeno tamaño – inferior ós 10 cm. – sobre a barra de area que separa a xunqueira da praia de Ladeira. Tamén se produce a chegada de irisacións. Non existe información sobre presenza de contaminación por hidrocarburos do Prestige non visual.. Durante a primavera e verán de 2003 prodúcese a chegada de pequenos fragmentos de fuel á barra de area.

5. Ilas Estelas.

Produciuse a chegada directa de chapapote ó conxunto das illas Estelas e Monteferro, salpicando cantís e rochas e depositándose nas mesmas. Situación na actualidade de aparente normalidade.

6. Costa da Vela

Prodúcese a chegada de hidrocarburos procedentes do Prestige, en sucesivas mareas negras, practicamente á totalidade da liña de costa do espazo natural, sendo poucos os lugares libres de afección. Neste sentido a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, con

data de 12 de decembro de 2003, informa que na posición de Punta Couso e Cabo Home está” todo cheo de fuel óleo”³. Igualmente informa “costa manchada en cantís e praias dende Cabo Home ata Punta Rodeira, observando praias manchadas na liña de preamar en Liméns e Barra”. É dicir, na totalidade da liña de costa do espazo natural.

Os traballos de descontaminación e retirada do chapapote, por medio de retirada manual e con maquinaria en praias, cantís e no mar, hidrolimpeza en rochedos da costa, sucedéronse en diferentes etapas de intensidade ó longo de 15 meses. Destacar a retirada de fuel realizada no mar con embarcacións e mariñeiros da zona. Transcorrido este tempo é posible observar restos de salpicaduras de hidrocarburos en cantís, e pequenas acumulacións en fendas das mesmas. Igualmente prodúcense pequenas chegadas de chapapote moi atomizado e de moi pequeno tamaño – inferior á 3 cm. –ós areais de Nerga e Barra e pequenos areais entre os cantís exteriores, que poden ter a súa orixe tanto nas remobilizacións de hidrocarburos do Prestige sedimentados en fondos próximos coma outra procedencia allea a este vertido. Descoñécese o estado de afectación dos fondos mariños próximos que non son máis que un continuo dos situados no Parque Nacional das Illas Atlánticas, dada a súa proximidade o arquipélago das Illas Cíes.

7. Cabo Udra.

Prodúcese a chegada de hidrocarburos procedentes do Prestige, en sucesivas mareas negras, practicamente á totalidade da liña de costa do espazo natural, sendo poucos os lugares libres de afección. A finais de xaneiro de 2003 seguen chegando galletas de fuel. A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos informa que na posición de Cabo Udra obsérvanse irisacións de 300 x 400 metros⁴ En xullo de 2003 -9/07/2003- constátase que segue a chegar hidrocarburos de xeito constante a puntos de a puntos de Cabo Udra.⁵.

Os traballos de descontaminación e retirada do chapapote, por medio de retirada manual e con maquinaria en praias, cantís e no mar, hidrolimpeza en rochedos da costa, sucedéronse ó longo de 15 meses, en diferentes etapas de intensidade. Destacar a retirada de fuel realizada no mar con embarcacións e mariñeiros da zona. Transcorrido este tempo é posible observar restos de salpicaduras de hidrocarburos en cantís, e pequenas acumulacións en fendas das mesmas. Existe con data de xaneiro de 2004 pequenas cantidades de chapapote nos cantís de Punta Robaleira, Punta Chenla, Enseada do Barceló, Enseada da Centoleira.

8. Complexo Illa de Ons – O Grove

O vertido do Prestige chegou a máis do 95% da liña de costa que vai dende Punta Faxilda (no límite sur do espazo terrestre) ata praia de Mexilloeira. Afectou o litoral terrestre e o seu entorno marítimo. As zonas de enseadas e sobre as que están baixo a influencia da circulación e acumulación de enerxía das correntes predominantes foron as que máis chapapote acumularon. O fuel tamén chegou a Punta Carreirón (Illa de Arousa) na súa parte exterior retirándose chapapote da mesma presentando algún resto na actualidade (setembro de 2004). A entrada de chapapote na A Enseada do Grove e a Marisma do Bao foi pouco significativa, aínda que puido verse afectada pola entrada de hidrocarburos na columna de auga. Producíronse sucesivas mareas ate o verán de 2003, e despois desta data chegada esporádica de fragmentos de fuel ate verán de 2004. Foron retiradas importantes cantidades de contaminante, de praias e cantís.

³ Personal de la Consellería de Pesca e asuntos marítimos en revisión de toda la costa gallega.www.cmmm-prestige.cesga.es/descripción/dia-121202.htm.

⁴ Personal de la Consellería de Pesca e asuntos marítimos en revisión de toda la costa gallega.www.cmmm-prestige.cesga.es/descripción/dia-121202.htm.

⁵ Según nota de prensa de Nunca Máis enviada a distintos medios de comunicación el día martes, 8 de julio de 2003.

Actualmente.

Na actualidade existen varios puntos de rochas con restos de fuel entre A Lanzada e cantís de San Vicente: Rochas do extremo norte do areal da Lanzada, Punta Abelleira e Punta Miranda, Punta do Conchido, Punta Laxe do Abade, Punta Porto Xunco, Porto Xunco, Petón Con Negro.

9. Complexo húmido de Corrubedo.

O vertido do Prestige chegou a máis do 95% da liña de costa que vai dende as Illas de Sagres (Aguíño) ata Punta do Castro (Porto do Son). O fuel tamén chegou a entrar na lagoa de Muro e Xuño antes de dispoñer de barreiras anticontaminación e fechar os canais de desaugadoiro. Producíronse sucesivas mareas principalmente entre o 15 de novembro e xaneiro de 2003, e con pequenas chegadas de hidrocarburos durante os seguintes meses prolongándose ate verán de 2004.

Actualmente:

Na actualidade – outubro de 2004 – as zonas que continúan afectadas coa presenza visible de fuel son no cabo de Corrubedo, concretamente en Punta Praxeiro e entre Punta Paxariñas e Punta Pozo Salgueiro, con fuel percolado entre os bolos dos coídos e acumulacións debaixo dos mesmos. Nestes coídos estase a aplicar medidas de biorremediación. Tamén nos coídos de Cons de Pena do Caldo existencia de fuel impregnando os bolos e percolado entre eles.

Localízanse impregnacións e salpicaduras sobre rochas nas proximidades da Lagoa de Vixán e no entorno de Basoñas.

En setembro de 2004 pode observarse a presenza de fragmentos de fuel – de tamaño ata 10 cm. – en moitos puntos deste hábitat, concretamente nas formacións ó sur da praia de Basoñas (fronte a Pena Celta), e na situada entre praia Cativa e praia de Seráns.

10. Monte e Lagoa de Louro.

O vertido do Prestige chegou o 100% da liña de costa que vai dende Punta Louro (Muros), afectando tamén a praias cara máis o interior da boca da ría, ata a Punta de Lariño e Punta de Ximprón (Carnota). Afectou á franxa intermareal e adlitoral terrestre e o seu entorno marítimo. As zonas de enseadas e sobre as que están baixo a influencia da circulación e acumulación de enerxía das correntes predominantes foron as que máis chapapote acumularon. O fuel tamén chegou a entrar na lagoa das Xarfas antes de dispoñer de barreiras anticontaminación e fechar os canais de desaugadoiro. Producíronse sucesivas mareas principalmente entre o 15 de novembro e xaneiro de 2003, e con pequenas chegadas de hidrocarburos durante os seguintes meses prolongándose ate verán de 2004.

Actualmente:

Na actualidade – outubro de 2004 – é unha das áreas do litoral máis afectadas pola presenza de fuel, sendo visible nun 20% da franxa terrestre e a contaminación pode estenderse a máis do 80% deste espazo protexido⁶, con retirada diaria de varias decenas de hidrocarburos, nos seguintes puntos deste espazo natural: Boleiras ou coídos de Punta Insua, Porto dos Botes, Praia de Xeda, Susiños, Porto das Cabras.

⁶ Estimación realizada a partir da revisión periódica feita pola Asociación Ecoloxista ADEGA, tendo en conta os puntos con presenza visual de fuel e indicadores de contaminación principalmente en cubetas e rochas do intermareal. ADEGA outubro de 2004.

Parcialmente afectados (con presenza de salpicaduras e incrustacións en fendas do intermareal e supralitoral, e fuel atomizado) en : Area dos Botes, Os Raposeiros, Susiños, Porto Ardileiro, Porto das Cabras, Enseada de Simprón.

Presencia periódica de irisacións en charcas do intermareal, chegada de galletas de chapapote (ata 10 cm.) e fragmentos de fuel seco e semienterrado (ata 10 cm.) nos areais de Area Longa (Louro) – destaca a presenza nos corredores de tormenta próximos á lagoa – e de Lariño - destaca a presenza nos corredores de tormenta do fronte de duna.

Os traballos de descontaminación nestes momentos consisten na descontaminación manual nos coídos ou boleiras anteriormente mencionados, aplicación de técnicas de biorremediación nos mesmos lugares, e retirada dos fragmentos de fuel que arriban á praia. Puntualmente aplicación de hidrolimpeza. Igualmente traballos de restauración das áreas máis afectada e de accesos.

11. Carnota – Monte Pindo.

O vertido do Prestige chegou entorno o 80% da liña de costa deste espazo natural e estendéndose os efectos da súa contaminación a súa totalidade. Tódalas enseadas, con pequenas e grandes praias, recibiron a chegada de fuel. Tamén entrou na marisma de Caldebarcos, “*afectando de xeito grave o treito designado localmente como “Boca do Río”*”. Depositáanse fragmentos no fondo do esteiro e abundantemente na canle de Boca do Río. Afectou á franxa intermareal e adlitoral terrestre e o seu entorno marítimo. Producíronse sucesivas mareas negras principalmente entre o 15 de novembro e xaneiro de 2003, e chegadas constantes de galletas de hidrocarburos a distintos puntos do espazo, principalmente ó longo do areal de Carnota, durante todo o ano 2003, e esporádicas ó longo de 2004, a última citada polo xornal de La Voz de Galicia o día 13 de outubro de 2004.

Situación actual:

Na actualidade – outubro de 2004 – é unha das áreas do litoral máis afectadas pola presenza de fuel, sendo visible nun 20% da franxa terrestre e a contaminación pode estenderse a máis do 60% deste espazo protexido⁸ con retirada semanal de varias decenas de quilos de hidrocarburos.

As áreas que na actualidade se atopan afectadas con presenza de fuel son: Praia de Carnota e fronte do sistema dunar, praia de Caldebarcos e Boca do Río , e no entorno das zonas rochosas da Costa da Cabra en Porto Negros (proximidades praia de Insuelas), Punta Caramelo, Portiño de Panchés, Punta Pedra Loira, Area Branca. Boleiras ou coídos de Punta Insua, Porto dos Botes, Praia de Xeda, Susiños, Porto das Cabras.

A Costa da Cabra é a que presenta maior cantidade de fuel localizado en zonas rochosas de boleiras, e nas que se están a aplicar técnicas de biorremediación.

Ó areal de Carnota prodúcense chegadas de irisacións e pequenos fragmentos de fuel ata 10 cm de tamaño – depositándose en bandas sobre a area en función da marea. A última coincidiu con posterioridade ó temporal do día 8, 9, 10 e 11 de outubro de 2004, facéndose eco da noticia o xornal La Voz de Galicia na súa edición local o día 12 de outubro.

^{7 7} Ramil Riego, Pablo; Cillero Castro, Carmen. Laboratorio de Botánica&Biogeografía. Universidad de Santiago de Compostela. Campus de Lugo. *Seguimiento de las lagunas costeras de Galicia periodo de muestreo Enero-Junio del 2003*.

⁸ Estimación realizada a partir da revisión periódica feita pola Asociación Ecoloxista ADEGA, tendo en conta os puntos con presenza visual de fuel e indicadores de contaminación principalmente en cubetas e rochas do intermareal. ADEGA outubro de 2004.

Nos corredores de tormenta do fronte de dunas da praia de Carnota atópanse semisoterrados centos de pequenos fragmentos de chapapote – de menos de 10 cm de tamaño, ó igual que na canle de Boca do Río e entrada do esteiro de Caldebarcos.

Mortalidade de coquina. Relación causa-efecto.

No esteiro de Caldebarcos ou Berberecheira e praias de Carnota producíronse elevadas taxas de mortalidade – chegando case a súa desaparición - do molusco bivalvo coñecido coma coquina (*Donax trunculus. L*)⁹, tanto para o período do 2003 coma para o 2004. En declaracións realizadas pola subdirectora Xeral de Recursos Mariños, D. María Cancelo, a Radio Nordés o día 31 de agosto de 2004¹⁰, indica como unha das causas da mortalidade e falta de coquina a existencia dunha relación causa efecto coa contaminación provocada polo Prestige.

12. Costa da Morte.

Practicamente a totalidade de praias e enseadas que conforman a extensa franxa marítima deste espazo natural protexido, foron afectadas pola chegada directa e acumulación de fuel. Dende o 13 de novembro de 2002 ata a segunda quincena de xaneiro de 2003 producíronse importantes chegadas de fuel a todos estes puntos. Durante o resto do ano 2003 e no 2004 continúan a recibirse entradas de fuel nalgúns dos areais procedentes de remobilizacións de fuel depositado en cantís ou en fondos mariños próximos.

As zonas máis afectadas pola chegada e acumulación de fuel de sur a norte foron:

Concello de Fisterra:

Praia de A Langosteira, treitos de cantís entre Punta dos Oídos e Punta Alba do Sul (o sur de Mar de Fora), praia de Mar de Fora, cantís e bolos de Cova do Berrón (o sur do Cabo da Nave), cantís do Berrón (o norte do Cabo da Nave), cantís de Punta Longa (o sur de praia de Arnela), praia e dunas de Arnela, Punta Castelo, e cantís do Monte do Castro (fronte ó pecio do Casón ó sur de O Rostro), praia e dunas de O Rostro.

Concello de Cee:

Cantís e bolos de praia Mixirica (ó norte de praia de O Rostro), cantís e bolos de Punta Besugueira e Praia de Petón Bermello, cantís de Petón Bermello, coído da Calboa, praia de Area Grande e Area Pequena, e Mellón e Praia de Lires.

Concello de Muxía:

Praia de Nemiña, Coído de Nemiña, bolos e cantís de Punta do Almacén, coído e cantís das Negras, coídos e cantís da Enseada do Boal, cantís e coídos fronte a Illa Herbosa (Cabo Touriñán), coídos de Illa Herbosa, cantís de Punta Finxil e Punta Diamante (ó norte de Touriñán), cantís de Careixo, cantís de Punta de Moreira e Punta da Praia, praia e coídos de Moreira, cantís de Punta da Bendita, coídos de Cuño, praia de Arnela, coídos de Vadalaxe (o sur de Punta Lourido), coídos de Lourido (zona sur), praia e dunas de Lourido, coídos de Punta Arliña, praia e dunas de A Cruz, praia e dunas de Espiñeirido.

En Muxía, e fora dos límites do espazo natural protexido tamén resultaron moi afectados : coídos do campo de fútbol e Punta Arliña, coídos de Punta Langosteira, coídos de Punta Boucieiros e coídos do paseo marítimo de Muxía, cantís e coídos de Punta Pedriña, cantís de Bolo do Tarrán, Punta da Pel, Punta das Cruces e Punta da Barca, praia de Fornelos, Praia de Barreiros, e praia de Muíños.

⁹ Información proporcionada pola Asociación de Mariscadoras da Cofradía de Lira. Portocubelo –Lira. 15292 Carnota. Teléfono: 9817612521.

¹⁰ Noticias locais Costa da Morte, noticias de Galicia Cadena Ser. Entrevista realizada por Radio Nordés Cee. Avd. Fernando Blanco, 53, 1º. Cee (15270). Teléfono 981706050.

Concello de Camariñas:

Cantís de Insua Galera, Punta Cachifarro, cantís e bolos de Niño do Corvo, A Caberta, cantís de O Casteleto, boleira ou coídos de Home Morto, coidal das Castañas, coídos de as Coengas, coídos de Punta do Corno, Punta Esperillo, cantís de As Parisas, cantís de Punta Pedrosa (zona norte), praia e fronte de duna de Pedrosa, rochas de A Posteira, praia de Balea, praia e Area Longa, rochas de Punta Forcadas, Praia de Reira, cantís e coídos de Reira, coídos e cantís de As Galladas, coídos e cantís de Lousa de Reira, coídos e cantís de Lousa dos Difuntos, coídos da Enseada de Lucín, coídos de Punta de Boi, coídos do Cementerio dos Ingleses, coídos da Enseada do Batel, cantís e Punta Paredes, Praia de Trece, Punta do Trece, coídos de Punta da Cagada, coídos da Enseada de Posta das Cabras, coídos e rochas de Punta Batedora, coídos da Enseada do Colludo, coídos peirao Santa Mariña, rochas de Punta do Capelo, coídos de Enseada de Cabanas, coídos e rochas de O Portiño, rochas e coídos de Insua e Insuela, Os Boliños, cantís de O Cabalo, cantís e bols de o Pelouro, rochas de Punta Lobeiras, coídos de Enseada de Xan Ferreiro, rochas de Petón de Furaqueira, praia de Braña de Lazo, praia de Area de Arou, coídos de praia de A Lagoa, coídos de A Fontiña e Punta Percebeira, coídos de Camelle, coídos de Punta do Boi ou casa de Man, cantís de Punta de Frade, rochas e coídos de A Falsa, coídos de A Gandriña, coído de Sabadelle, coído da Señora, coídos e cantís entre Punta da Cruz da Rosa e Punta de Traba.

Concello de Laxe:

Areal e dunas de Traba, lagoa de Traba, rochas de Punta de Arnao, rochas de A Mexadoira, rochas de Furna de Fonte Pia, Praia de Arnao, Furna de Arnao, praia de Castrallón, praia e dunas de Soesto, cantís de Carreiro de Morelo, rochas e cantís de Arbaliño (praia de os Cristais), rochas de Furna da Espuma, praia de Laxe, cantís coídos dos Muiños, praia de San Pedro, praia de Rebordelo.

Concello de A Cabana:

Cantís de Furna de Balouta, praia de As Vacas, e entrada do río Anllóns.

Concello de Ponteceso:

Punta de Balarés e praia de En medio(A Barra), Rochas de Punta de Monte Branco e Illa Tiñosa, rochas de Punta Fustín, praia de Balarés, praia de Riocovo, praia de A Ermida, praia do Osmo, coído da Cetárea, coído de Carabandufe, rochas de Area das Conchas, rochas de Punta de As Gralleiras, praia de Area Pequena e Area Grande (Enseada da Barda), praia de O Morro e praia de Niñóns (Enseada de Niñóns), rochas de Area da Prata e Punta Angueiro.

Concello de Malpica:

Coídos de Xunquiños Gordos, rochas de Os Loureiros (Porto Barizo), praia de Barizo, cantís de Punta Castelo e A Besugueira, praia e duna de Esteiro, río de Esteiro, praia de Beo, praia de Seaia, praia de Os Rías, praia de As Torradas, e praia de As Pradeiras.

Afección Illas Sisargas: Coídos do Muelle e Punta das Conchas, praia de Punta das Conchas, manchas e salpicaduras sobre rochas dos cantís exteriores da Illa, salpicaduras sobre rochas da cara suroeste da Sisarga Chica, e salpicaduras nas rochas da Illa Malante.

Concello de Carballo, Caión, Arteixo:

Porto de Razo, praia de Razo, praia e fronte de dunas de Baldaio, canle e marisma de Baldaio, praia da Pedra do Sal, rochas de Furna de O Corvo.

Caión:

Praia de Monte A Fonte, praia de Leira, Porto de Leira,

Arteixo:

Praia de Porto Chas (Sorrizo), praia de Santa Irene, Praia de Barrañán.

Actualmente:

Na actualidade – outubro de 2004 – a Costa da Morte continua seriamente afectada en numerosas localizacións, algúns deles con niveis graves de contaminación e sen solución a curto e medio prazo – estímase en máis de dez anos a recuperación “do aspecto visual” que non dos procesos ecolóxicos alterados que pode se estendan máis no tempo -.

As zonas afectadas, as actuacións que se están a acometer e as perspectivas de recuperación expóñense a continuación:

Concello de Fisterra:

Treitos de cantís entre Punta dos Oídos e Punta Alba do Sul (o sur de Mar de Fora): Acumulación de fuel sobre fendas e rochas dos cantís. Zona innaccesible e sen solución de descontaminación. Recuperación por procesos de bioremediación natural nos próximos anos.

Praia de Mar de Fora: Presenza de fragmentos de fuel semienterrados e chegada esporádica de pequenas galletas – ata 10 cm. de tamaño- e irisacións. Problemas de contaminación en dunas e alta desestructuración das mesmas. Necesidade de restauración sistema dunar.

Cantís e bolos de Cova do Berrón (o sur do Cabo da Nave), cantís do Berrón (o norte do Cabo da Nave), cantís de Punta Longa (o sur de praia de Arnela): Acumulación de fuel sobre boleiras activas – baixo a acción do mar e das ondas -. Rápida recuperación natural por lavado.

Praia e dunas de Arnela: Presenza de fragmentos e galletas de fuel enterrados ó longo da praia, con chegada esporádica de irisacións e fragmentos de fuel. Debe ser obxecto de seguimento durante os próximos meses. Restauración medio ambiental da duna exitosa.

Praia e dunas de O Rostro:

Actualmente – outubro de 2004: é unha das praias oficialmente contaminadas. Retirada diaria de varios quilos de hidrocarburos durante tódolos meses de 2004. Na primeira semana de setembro de 2004 realizáronse catas con maquinaria pesada en busca de galletas enterradas de fuel. O longo de todo o 2004 retirouse fuel no intermareal coa axuda de maquinaria pesada. A acumulación de bancos de area non fixo posible a detección das manchas que se estima que están presentes. É necesaria a recuperación medio ambiental das zonas dunares afectadas e o seguimento e recollida do fuel nos próximos meses. Recoméndase a realización periódica de análise de augas e presenza de hidrocarburos.

Concello de Cee:

Cantís de praia Mixirica (ó norte de praia de O Rostro): Con presenza abundante de fuel e no que se está a aplicar medidas de biorremediación. Aconséllase o seguimento e emprego de descontaminación manual en primavera de 2005.

Cantís Punta Besugueira e Praia de Petón Bermello, cantís de Petón Bermello: Con presenza abundante de fuel e moi complexa a descontaminación pola dificultade de acceso. Sen solución de descontaminación a curto ou medio prazo e recuperación por procesos de bioremediación natural nos próximos anos.

Concello de Muxía:

Praia de Nemiña e Coído de Nemiña: Retirada periódica de varios quilos de hidrocarburos durante tódolos meses de 2004. Na primeira semana de setembro de 2004 realizáronse catas con maquinaria pesada en busca de galletas enterradas de fuel. O longo

de todo o 2004 retirouse fuel no intermareal coa axuda de maquinaria pesada. A acumulación de bancos de area non fixo posible a detección das manchas que se estima que están presentes. É necesaria a recuperación medio ambiental das zonas dunares afectadas e o seguimento e recollida do fuel nos próximos meses. Recoméndase a realización periódica de análise de augas e presenza de hidrocarburos.

Cantís e coídos da Enseada do Boal: Con presenza leve de restos de fuel entre os coídos e rochas. O coido a pesar dos traballos de restauración quedou moi alterado por desestructuración da disposición dos elementos que o compoñen. Sen posibilidades de mellora a curto tempo á espera de recuperación por biodegradación natural.

Cantís e coídos fronte a Illa Herbosa (Cabo Touriñán): Salpicaduras e acumulacións entre fendas e varios metros de coídos con impregacións. Complexidade no acceso. Sen solución de descontaminación a curto ou medio prazo e recuperación por procesos de bioremediación natural nos próximos anos.

Praia e coídos de Moreira: Nivel de contaminación importante cos coídos petroleados e fuel semienterrado. Baixo tratamento de biorremediación dende xuño 2003. Recuperación a medio longo prazo.

Coídos de Cuño: É un dos lugares máis contaminados na actualidade polo Prestige, cunha banda duns 400 metros de coídos e rochas petroleados. Estase a realizar descontaminación manual, uso de hidrolimpadoras (setembro 2004), e aplicación de biorremediación dende maio de 2003. Deben de continuar os traballos de descontaminación manual nos próximos meses. Recuperación lenta e a longo prazo. Recoméndase a realización periódica de análise de augas e presenza de hidrocarburos.

Coídos de Vadalaxe (o sur de Punta Lourido): Pequena franxa de coídos con impregacións e percolación de fuel. Baixo tratamento de biorremediación. Recuperación a medio prazo – varios invernos – ó tratarse de coídos expostos á acción do mar.

Coídos de Lourido (zona sur): Pequena franxa de coídos con impregacións e percolación de fuel. Baixo tratamento de biorremediación. Quedarán secuelas durante varios anos.

Concello de Camariñas:

Cantís de Insua Galera, Punta Cachifarro, Cantís e bolos de Niño do Corvo: Franxa duns 500 metros de costa na que aparecen zonas moi petroleadas, con impregacións e percolación de fuel entre bolos, e cantís moi manchados con acumulación entre fendas. En setembro de 2004 traballos de descontaminación por hidrolimpeza e biorremediación.

Boleira ou coídos de Home Morto e Coidal das Castañas: Presenza de fuel entre bolos dos coídos e nos seus extremos, e rochas manchadas. Foi obxecto de descontaminación manual minuciosa, hidrolimpeza e biorremediación. Descontaminación a curto ou medio prazo e recuperación por procesos de bioremediación natural nos próximos anos.

Cantís e coídos de Reira: Presenza de fuel entre bolos e rochas manchadas. A tratamento por biorremediación en balsas nalgúns dos coídos, hidrolimpeza nalgúns rochas. Descontaminación a medio e longo prazo e recuperación por procesos de biorremediación inducida e natural nos próximos anos.

Coídos da Enseada de Lucín e Coídos de Punta de Boi: Importante presenza de fuel entre os bolos e baixo tratamento de biorremediación. Recoméndase o seguimento da evolución co tratamento de biorremediación nos seguintes meses. A previsión de recuperación é a longo prazo.

Punta do Trece, coídos de Punta da Cagada: Puntos illados con presenza elevada de fuel percolado entre as rochas. Recoméndase a non actuación, como xa se fixo ata agora, dada a fragilidade do entorno no que se atopa. Recuperación a medio e longo prazo por procesos naturais.

Coídos da Enseada de Posta das Cabras, Coídos e rochas de Punta Batedora, coídos da Enseada do Colludo (Zona sur costa Santa Mariña): Puntos illados con presenza elevada de fuel percolado entre as rochas. Recuperación a medio e longo prazo por procesos naturais.

Rochas de Punta do Capelo, Coídos e rochas de O Portiño (Santa Mariña e zona norte): Rochas manchadas de fuel e depósito sobre fendas e entre rochas. No verán de 2004 realizáronse traballos de hidrolimpeza.

Rochas e coídos de Insua e Insuela, Os Boliños, cantís de O Cabalo, cantís e bolos de o Pelouro, rochas de Punta Lobeiras (Costa sur de Arou e as Lobeiras): Puntos illados con presenza elevada de fuel percolado entre os bolos e rochas manchadas. Baixo a aplicación de biorremediación e hidrolimpeza no verán de 2004. Recoméndase o seguimento da evolución co tratamento de biorremediación nos seguintes meses. A previsión de recuperación é a longo prazo.

Coídos de Camelle, coídos de Punta do Boi (Museo de Man): Acumulación e percolación de fuel entre os coídos. Baixo traballos de descontaminación no verán de 2004. Recoméndase descontaminación manual.

Concello de Laxe:

Areal e dunas de Traba, lagoa de Traba: Nos cantís da zona sur existen unha zona con restos de impregnacións e acumulación de grumos de fuel. Non se recomenda actuación o estar nunha zona exposta. Ó longo do areal de Traba localizacións puntuais de fragmentos de fuel seco depositados principalmente en corredores de tormenta da duna. É necesaria unha restauración ambiental do canal de desaugadoiro da lagoa, pois o material que se empregou como barreira de anticontaminación – grandes bloques de pedras e anacos de tubos de plástico- atópanse amontoados en ámbalas dúas marxes da desembocadura.

Concello de Malpica:

Illas Sisargas: Coídos do Peirao e Punta das Conchas. Bolos e rochas manchados con restos de fuel con percolación e depósito entre fendas. Recoméndase a non actuación e recuperación natural a medio prazo – varios invernos-.

Concello de Carballo:

Praia e fronte de dunas de Baldaio, canle e marisma de Baldaio. Presenza de fragmentos de fuel semienterrados ó longo do areal

Arteixo:

Praia de Porto Chas (Sorrizo): Praia baixo tratamento de biorremediación.

13. Costa de Dexo.

A chegada de fuel procedente do Prestige chegou a varios puntos da franxa litoral deste espazo natural, con impregnacións e salpicaduras visibles sobre o substrato rochoso do supralitoral, correspondente ao hábitat protexido denominado cantís con vexetación das costas Atlánticas¹¹.

¹¹ Este tipo de hábitat non figura na relación de Habitats Comunitarios que caracterizan esta LIC.

14. Costa Ártabra.

Produciuse a chegada de fuel procedente do Prestige entorno a un 20 % da superficie da franxa terrestre¹² deste espazo natural - lugares con acumulación de galletas ou manchas superiores ós 100 m² -, principalmente entre finais de novembro de 2002 e xaneiro de 2003. A superficie afectada visualmente repártese ó longo de todo o espazo protexido da Costa Ártabra polo que a exposición do litoral protexido ós efectos da contaminación supera ó 90% .

Os puntos máis afectados pola chegada masiva de fuel foron os seguintes lugares.

Concello de Ferrol.

Praia de Doniños, sistema dunar e canle da lagoa. Cantís entre Punta de O Castro e Punta Parride. Praia de Lobariz e cantís e bolos de Lobariz. Cantís Illas Gabeiras. Punta Herbosa. Praia de San Xurxo, e praia de Esmelle. Cantís e bolos de Praia de Vilar, Punta Branca, Cala de Cela. Cantís e boleiras de Punta Roiba, Punta Aburrída, Petón. Enseada de Covas: Praia de Cabaliños, praia de Sta Comba, praia das Fontes, Punta e istmo de Sta . Comba, cantís de Pedrouzo, cantís de Santoña, cantís de Médote, cantís de Cervadoiro, e praia de Ponzos.

Concello de Valdoviño.

Coídos, cantís e praia de O Casal, cantís e coídos de O Corveiro, Coídos de Hortiña, praia de Campelo, Coídos de Monteferro, Cala de Portonovo e praia de Meirás, Praia e marisma de Foruxeira, praia de Pantín.

Concello de Cedeira.

Costa moi abrupta e de complexa observación para a detección de manchas. Observadas manchas de fuel dende terra nos seguintes puntos:

Observacións dende Punta Candieira: Superficie manchada en bolos dunha pequena enseada do Frontón de Candieira.

Observacións dende Monte Torroiba: Praia de coídos entre Punta Torroiba (cara ó norte) e Prados de Arriba.

Cantís e bolos de Praia de Cortés na Enseada de San Andrés de Teixido.Coídos do Teixidelo.

Segundo mapa da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos sobre a situación entre a Ría de Ferrol e a de Ortigueira ilústrase a presenza de manchas entre Punta Candieira e Enseada de San Andrés de Teixido, todo o fronte de San Andrés de Teixido entre a praia de O Cortés e Punta Robaliceira (Illas Gabeiras, coídos de Cortiña de Remos, praia de Pescadoira). Tamén aparecen manchados os coídos entre Punta Robaliceira e Punta e Punta Tiñosa

Prodúcese a chegada frecuente de fuel – principalmente de forma moi fragmentada deixando bandas negras pouco anchas e irisacións sobre areaís dispostos ó longo do litoral - entre xaneiro de 2003 e outubro de 2003. Con moita menor frecuencia durante o ano 2004.

Actualmente:

Na actualidade a presenza de manchas de fuel na franxa litoral é testemuñal, atopándose depósitos de pequenos fragmentos - tamaño inferior ós 10 cm. – nos areaís menos concorridos. Tamén salpicaduras e pequenas acumulacións en coídos ou cantís de

¹² Estimado a partir dos mapas dispoñibles pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos con relación ás áreas afectadas da Costa Galega e revisión da costa pola asociación ADEGA.

complicado acceso. En coídos de San Andrés de Teixido – os dispostos inmediatamente ó sur e o norte – contan con manchas máis significativas e visibles dende os cantís - sendo posible que persistan grumos de fuel entre os bolos. Durante finais de 2003 e primavera de 2004 procedeuse á descontaminación das canles de desaugue de Doniños e Frouxeira.

15. Ortigueira – Mera.

Este espazo natural viuse afectado pola chegada moderada de fuel, coa entrada de numerosas e illadas formacións de pequenas galletas ou manchas de fuel – procedentes do desprendemento entre outras da grande mancha de petróleo que chegou ó Mar Cantábrico e as costas francesas – e posteriormente na primavera e verán de 2003 coa repetida chegada de bandas de fragmentos de fuel e irisacións.

A única referencia que existe sobre presenza de contaminación no interior da marisma, a parte da observación de fragmentos macroscópicos, ven dada polo análise realizado por un grupo de investigación da Universidade de Santiago encargado pola empresa Marzal. O estudio realizouse a raíz da mortalidade en mais do 71% de ameixas sementadas en parques de cultivo situados no intermareal da ría, e as análises realizadas indicaban a existencia de niveis moi altos de contaminación por hidrocarburos, con niveis case sete veces superiores ó recomendado pola EPA (Environmental Protection Agency). A propia Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos autorizou a semente do molusco ó informar que a zona estaba libre de contaminación por hidrocarburos. Este episodio ven a coincidir coa altas taxas de mortalidade dadas sobre moluscos sementados noutras zonas do litoral, como Carnota, Ribeira e Arousa. En agosto de 2004, a subdirectora de Recursos Mariños da Consellería de Pesca apuntaba que unha das posibles causas de mortalidade de coquina en Carnota podía gardar relación coa contaminación derivada polo Prestige, feito que anteriormente fora desbotado sistematicamente por responsables da Consellería de Pesca.

Non existe ningunha avaliación e se descoñece o impacto que o vertido do Prestige e a contaminación derivada puido ter sobre outras especies non comerciais presentes neste espazo natural que destaca en particular pola importancia para o grande numero de aves que invernan e ser zona ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves” e zona húmida de Importancia Internacional polo Convenio Ramsar.

16. Estaca de Bares.

Este espazo natural viuse afectado pola chegada leve de fuel, coa entrada de numerosas e illadas formacións de pequenas galletas ou manchas de fuel – procedentes do desprendemento entre outras da grande mancha de petróleo que chegou ó Mar Cantábrico e as costas francesas – e posteriormente na primavera e verán de 2003 coa repetida chegada de bandas de fragmentos de fuel e irisacións.

17. Ría de Foz – Masma.

Este espazo natural viuse afectado pola chegada leve de fuel, coa entrada de numerosas e illadas formacións de pequenas galletas ou manchas de fuel – procedentes do desprendemento entre outras da grande mancha de petróleo que chegou ó Mar Cantábrico e as costas francesas – e posteriormente na primavera e verán de 2003 coa repetida chegada de bandas de fragmentos de fuel e irisacións. En xaneiro de 2004 prodúcese entradas de pequenos fragmentos depositados sobre as praias que pechan a ría.

18. Río Ouro.

Afección por chegada de fuel que se pode considerar leve e segundo a Consellería de Medio Ambiente “*chegou unha pequena cantidade á praia da desembocadura*”¹³.

Pode considerarse que o dano ocasionado é dunha intensidade de efectos mínimos, ou baixos sobre as condicións ambientais presentes dada a escasa cantidade de vertido chegada e destrución mínima rexistrada.

19. As Catedrais.

Este espazo natural viuse afectado pola chegada leve de fuel, coa entrada de numerosas e illadas formacións de pequenas galletas ou manchas de fuel – procedentes do desprendemento entre outras da grande mancha de petróleo que chegou ó Mar Cantábrico e as costas francesas – e posteriormente na primavera e verán de 2003 coa repetida chegada de bandas de fragmentos de fuel e irisacións. En xaneiro de 2004 prodúcense entradas de pequenos fragmentos depositados sobre o areal.

20. Ría de Ribadeo.

Este espazo natural viuse afectado pola chegada leve de fuel, coa entrada de numerosas e illadas formacións de pequenas galletas ou manchas de fuel – procedentes do desprendemento entre outras da grande mancha de petróleo que chegou ó Mar Cantábrico e as costas francesas – principalmente no treito comprendido entre Punta da Cruz e Punta Niño do Corvo.

Non existe ningunha avaliación e se descoñece se o vertido do Prestige puido incidir sobre o conxunto de aves acuáticas ou de calquera elemento ecolóxico do que poida depender este grupo nunha zona protexida coma ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) e zona húmida de Importancia Internacional polo Convenio Ramsar.

Protección dos espazos naturais.

Dende a UE, e concretamente dende a Dirección Xeral de Conservación da Natureza fíxose un chamamento para que a Rede Natura 2000 gozase de protección efectiva desenvolvendo así á Directiva de Hábitats¹⁴, e a de Aves¹⁵. Este chamamento foi efectuado por escrito pola anterior Comisaria Europea de Medio Ambiente, Dña Margot Wälstrom. Pois ben, ata a data de hoxe, os espazos naturais do litoral seguen exactamente igual de desprotexidos que anteriormente.

Destacar igualmente a resolución do Parlamento Europeo sobre o Reforzo de Seguridade Marítima (2003/2235 INI), no que “ solicita a inmediata inclusión na Rede Natura 2000 dos enclaves propostos situados en dita rexión, así como a adopción de plans de recuperación ambiental para tales enclaves.

É mais, a Rede Natura 2000 no litoral galego está a sufrir a multiplicación das agresións promovidas directamente dende a Administración Autonómica, organismo encargado da súa conservación; concretamente recórtase superficie de moitos espazos e preténdese

¹³ Consellería de Medio Ambiente Xunta de Galiza .2004. Informe sobre as actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza como consecuencia do vertido do Prestige.

¹⁴ Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres – DOCE núm.. L 206, de 22 de xullo de 1992-.

¹⁵ Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres (DOCE, núm.. L 103, de 25 de abril de 1979), modificada pola Directiva 91/43/CEE do Consello de 6 de marzo de 1991 (DOCE núm. L. 115, de 8 de maio de 1991)

instalar infraestruturas lesivas como se verá con máis detalle neste documento.

Proxectos de estudio e avaliación: outro punto feble.

A pesar das liñas de investigación abertas dende o antigo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e continuadas actualmente, existen graves carencias na investigación da catástrofe do Prestige.

Detectamos eivas en estudos concretos sobre diferentes cuestións:

- **Especies:**
 - Investigación sobre especies terrestres que se poidan ver afectadas. Por exemplo no País Vasco hai investigacións sobre aves mariñas (paíño común) e terrestres (Falcón pelegrín) que amosan significativos descensos debido á contaminación, posto que afecta a súa reprodución ou especies-presa.
 - Investigación sobre especies mariñas non comerciais; comézase a coñecer os efectos sobre especies tipicamente comerciais, máis débese facer fincapé na importancia de estudar as consecuencias sobre aquelas especies non comerciais, microorganismos, flora e fauna que igualmente ocupan os ecosistemas mariños afectados e poden ter, ademais, claras relacións ecolóxicas precisamente coas especies comerciais e poden servir de bioindicadores. Na actualidade existe unha moi deficiente información, e a que existe apunta unha situación de impacto moi negativa e que cumpre a secuencia de previsións indicadas en estudos doutras mareas negras.
- **Espazos naturais:** Tal e como se pode comprobar máis arriba, os espazos naturais do litoral galego non están a ser monitorizados no seu conxunto; os seus compoñentes e ecosistemas precisan un seguimento detallado que non se está a facer. É fundamental o seguimento na totalidade de espazos da Rede Natura 2000; dentro desta existen espazos xa declarados ZEPA (Zonas de Especial Protección para as Aves) designadas grazas á Directiva de Aves (xa mencionada); pois ben, nas ZEPAS galegas non se está a facer un seguimento concreto das súas poboacións de aves. As previsións de estudos por parte da administración española so se limitan á avaliación e seguimento dos danos derivados polo vertido do Prestige “no Parque Nacional das Illas Atlánticas, e nunha zona dos ecosistemas litorais das Comunidades Autónomas de Galicia, Asturias, Cantabria e o País Vasco.”¹⁶

Bioremediación: eivas na súa aplicación.

A coñecida como Bioremediación pode ser unha técnica que axude á degradación e eliminación do fuel no litoral galego, neutralizando así os seus compostos tóxicos.

Atopamos dous problemas graves na súa aplicación:

1. Non se está a dicir que a biorremediación non é a panacea e pode axudar a eliminar o 10% ou o 15% dos hidrocarburos presentes, en termos de tempo isto significaría no mellor dos casos adiantar varios meses a recuperación para un período de descontaminación a varios anos. Pode parecer pouco pero é necesaria a súa posta en marcha, máis esta non debe substituír as técnicas de descontaminación manual. Nembargantes, rexeitamos o triunfalismo co que habitualmente se menciona esta

¹⁶ Nota 279 Oficina Información Comisión Seguimento Prestige. El Ministerio de Medio Ambiente saca a concurso público la evolución de efectos ambientales del Prestige.

técnica pois ten obvias limitacións e palía o problema pero non o soluciona

2. A nivel teórico, hai moitos puntos do litoral galego, particularmente no P.N. das Illas Atlánticas, nos que se está a empregar esta técnica. Na práctica vemos como hai moitos espazos pendentes de aplicar. Esiximos que se pase da mera planificación teórica á realización práctica.
3. Alí onde se está a empregar a biorremediación non existe un control preciso. En definitiva, a súa aplicación, seguimento e control non se realizan directamente pola Universidade e, polo tanto, polos investigadores cualificados senón por persoal que suple as deficiencias con voluntarismo. Obviamente isto non chega e debería existir persoal especificamente dedicado a esta tarefa, procedente directamente dos grupos de investigación da Universidade, para garantir a súa aplicación.

OS DANOS ÁS ESPECIES E ECOSISTEMAS MARIÑOS: CÚMPRENSE AS PREDICCIÓNS.

No momento da catástrofe do Prestige e nos meses posteriores houbo un gran debate social, mesmo con grandes tensións motivadas, entre outras cuestións, polas posibles consecuencias ecolóxicas do verquido. Dende o anterior Ministerio de Pesca e dende a, aínda, actual Consellería de Pesca da Xunta de Galicia houbo e hai durísimos esforzos por minimizar as consecuencias da catástrofe. Moitos medios de comunicación fixéronse eco destes esforzos tratando de dar unha imaxe de normalidade e de boa saúde dos ecosistemas mariños e os seus compoñentes.

Calquera persoa minimamente informada sabe que un verquido de hidrocarburos ten unhas consecuencias máis ou menos graves dependendo da natureza do verquido (cantidade verquida, tipo de produto (de particular importancia é o seu contido en HAP – Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos-), extensión do mesmo e área afectada) e ecosistemas e especies aos que afecta.

A nivel científico, o coñecemento era e é moitísimo máis preciso por unha razón simple: non era a primeira vez que tiña lugar un verquido no planeta senón que, desgraciadamente, xa se produciron verquidos en moitos lugares do planeta, en todo tipo de escenarios, e en diferentes países, seguidos por científicos de diferentes disciplinas procedentes de moitas áreas xeográficas e políticas. Así, podíase inferir perfectamente de xeito aproximado cáles ían ser as consecuencias de tipo xeral que o verquido do Prestige ía provocar nos ecosistemas e especies do litoral galego.

Por esta razón simple, entendemos que era e é absolutamente inaceptable, dende calquera punto de vista ético e de respecto á intelixencia humana a teima con que algúns políticos intentaron e intentan minimizar e mesmo ocultar as consecuencias dun verquido semellante. Neste punto, consideramos que o comportamento da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e, concretamente, do seu Conselleiro é completamente escandalosa. Rexeitamos igualmente a pouca profesionalidade e independencia que amosaron e amosan moitos medios de comunicación que non contrastan as informacións que, en moitas ocasións, ofrecen. Obviamente existen excepcións.

No momento do verquido e nos meses posteriores, dende as organizacións científicas e dende diferentes colectivos ambientalistas entre os que se conta ADEGA, a FEG e os seus grupos asociados, explicaron de todos os xeitos posibles que o perigo máximo atopábase e atópase nos compostos coñecidos como HAPs (Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos) que afectan á reprodución das diferentes especies e á viabilidade das súas larvas e postas.

Pois ben, actualmente os diferentes informes científicos existentes confirman esta afección.

A Coordinadora de Confrarías Danadas polo Prestige, nun recente estudio efectuado con datos da propia Xunta de Galicia (isto é importante sinalalo) cifran en 17,3 millóns de euros as perdas económicas no presente ano; traducido en quilogramos de pesca fresca, neste ano pescaranse 32,7 millóns menos que nun ano normal como o de 1999 por exemplo, no que se capturaron 91,67 millóns de quilogramos, o que supón un descenso do 25,7%. O descenso da produción vese de xeito máis claro se analizamos por áreas xeográficas, existindo un claro paralelismo entre as perdas e nivel de chegada do chapapote: na área Coruña Norte pérdense un 45% da produción normal, na Costa Noroeste, a máis prexudicada, redúcense as capturas nun 58,4%, na ría de Muros e Noia as capturas caen un 27,1% e na ría de Arousa descenden nun 17,0%. Ademais, e isto é de capital importancia de cara ao futuro, o recrutamento está sendo moi baixo. Nalgúns casos e para determinadas especies a mortalidade foi practicamente total, como por exemplo no esteiro de Caldebarcos e praias de Carnota onde o molusco bivalvo coquina (*Donax trunculus* L.), practicamente desaparece tal e como se sinala no apartado correspondente ás afeccións por espazos naturais.

Atópanse problemas de crecemento e recrutamento así como de fixación en especies propias de substratos rochosos intermareais como o mexillón, o percebe e o ourizo¹⁷ (César *et al.* 2004). Chama a atención que a propia Consellería de Pesca, insista reiteradamente que a situación da cría de mexilón en Galiza é de completa normalidade e que a súa vez inicie, por medio do seu Centro de Investigacións Mariñas (CIMA CORÓN), no 2004 un estudio baixo un desconcertante título que invita a pensar o contrario “ Devaluación da abundancia larvaria e do reclutamento da semente do mexillón *Mytilus galloprovincialis* na costa galega”.

Atopamos problemas non só en animais senón tamén en vexetais: existen comunidades de algas macroscópicas gravemente afectadas, de feito arrasadas, como por exemplo en na ría de Vigo e entorno das Illas Cíes no P.N. das Illas Atlánticas (comunicación persoal, Confraría de Pescadores de Cangas).

Pódese comprobar como os efectos comézanse a manifestarse tal e como era perfectamente previsible. A solución destes problemas e a conseguinte recuperación das poboacións, comerciais ou non, da fauna e flora pode tardar lustros. Queda, pois en evidencia, a manipulación interesada de algúns políticos e institucións.

Nun recente artigo de investigadores norteamericanos¹⁸ liderado por Peterson, e publicado na prestixiosa revista Science, no seu número 302, póñense de manifesto cáles están a ser os efectos dun verquido similar, o do Exxon Valdez, en Alaska, e sácanse leccións sobre as consecuencias dunha marea negra resumidas en tres puntos:

1. Detéctase hidrocarburo 15 anos despois do accidente.
2. Os hidrocarburos están presentes en cantidades moitos máis altas das esperadas e en cantidades suficientes para dar lugar a exposicións crónicas que , consecuentemente, afectan á saúde, crecemento e reprodución das poboacións de vertebrados e invertebrados da zona.
3. Os impactos son máis evidentes sobre as poboacións que viven nos sedimentos superficiais, cos conseguíntes efectos sobre a cadea trófica.

¹⁷ César Aldariz, J., V. Lustres Pérez e E. Brea Bermejo. 2004. *Efectos de la marea negra provocada por el vertido del petrolero Prestige sobre la fauna intermareal y sublitoral asociada a sustratos rocosos*. Universidade de Santiago. Informe inédito. (www.adegagaliza.org).

¹⁸ Peterson et al. 2003. **Long-Term Ecosystem Response to the Exxon Valdez Oil Spill**, *Science*, 302: 2082-2086.

No caso do presente verquido, estanse a seguir os puntos sinalados por Peterson *et al.* rigorosamente. Por exemplo, a mencionada mortalidade de coquina, exposta anteriormente resposta perfectamente ao exposto no punto número 3. Igualmente, do mencionado estudio despréndense unha serie de ensinanzas para o futuro que se poden resumir na táboa do ANEXO I.

Vemos cómo as consecuencias eran e son, dun xeito xeral, perfectamente previsíbeis.

¿Repoboacións con especies mariñas?

Dende a Xunta de Galicia estase anunciando a creación dun centro para a cría de especies con interese comercial co fin de reforzar (que non reintroducir) as poboacións silvestres. Igualmente escóitanse algunhas voces no sector economicamente afectado que reclaman esta práctica.

A posible produción de alevíns ou crías de determinadas especies con valor económico para ser introducidas no medio mariño é unha práctica completamente rexeitable por diferentes razóns de orde científico.

1. A primeira delas é que de reproducirse estas especies en cativeiro o *pull* xenético sería extraordinariamente reducido polo que se estaría a forzar a diminución da diversidade biolóxica a nivel xenético nas poboacións silvestres. Isto en si mesmo sería un erro de consecuencias imprevisíbeis que a longo prazo daría lugar a unha debilidade e a desaparición das especies que se pretende reforzar, ao facelas máis vulnerábeis fronte a todo tipo de factores externos (cambios físicos, químicos, cambios climáticos, vulnerabilidade fronte a enfermidades, etc.).
2. A segunda é que sanitariamente para as especies a producir é un risco innecesario.
3. Sería inútil. De persistir contaminación no medio a reprodución e crecemento sería igualmente difícil e, por outra banda, en todos os protocolos de reintroducións ou reforzamento de poboacións, estas só teñen senso si os factores que deron lugar á extinción ou rarificación finalizaron. Como a contaminación persiste, non é o momento de facela e cando esta desapareza, as poboacións recuperaríanse por si mesmas.
4. Desequilibraría o ecosistema: consideramos que no caso de desenvolverse e no caso hipotético de éxito xeraría un desequilibrio substancial nos ecosistemas pois obviamente só se producirían unha serie moi limitada de especies comerciais e non sistematicamente todas as especies que compoñen os ecosistemas mariños, cando en realidade todas están afectadas en maior ou menor medida.
5. Xeraría dependencia económica daquelas empresas que producen a cría no caso hipotético que tivera éxito.

Tal e como se desprende da experiencia que xa hai no caso de ecosistemas acuáticos terrestres, os ríos, as repoboacións non teñen senso algún nin supoñen éxito na recomposición das poboacións silvestres salvo casos extremadamente puntuais. Igualmente, pola experiencia na repoboación con especies cinexéticas para caza en ecosistemas terrestres, salvo casos igualmente moi puntuais, estas son completamente contraproducentes polas razóns dadas.

Polo tanto, esta hipotética práctica, caso de darse é absolutamente rexeitable por contraproducente e insostible.

A Xunta de Galicia pretende situar un centro para estes fins, supostamente, en Moreira, no cabo Touriñán, no Concello de Muxía, en plena Rede Natura 2000, no Lugar de Interese Comunitario 'Costa da Morte' que suporía estragar aínda máis esta área, vulnerando, tamén unha vez máis, a lexislación comunitaria e española, así como as propias

disposicións da Xunta de Galicia. Curiosamente esta planta fora anunciada anteriormente pola multinacional PESCANOVA baixo unha denominación distinta e coa finalidade de abastecer xuvenís de rodaballo a planta nodriza prevista a 1 quilómetro, no cabo Touriñán.

NAVEGACIÓN E PROTECCIÓN DO LITORAL.

Destacamos neste ano o desenvolvemento da Comisión MARE no Parlamento Europeo sobre seguridade marítima. ADEGA e FEG participou nesta comisión estreitamente, viaxando reiteradamente ao Parlamento de Bruselas, elaborando documentación técnica; entrevistámonos co ponente, Dirk Sterckx, con membros da mesa da Comisión e parlamentarios de TODOS os grupos políticos que acolleron moi favorablemente as nosas propostas, que chegaron a estar na web oficial da Comisión MARE, albergada na web do Parlamento Europeo. Determinadas propostas feitas á Comisión saíron aprobadas polo pleno do Parlamento de xeito practicamente literal, concretamente ás referidas á protección da Rede Natura 2000. Pódese consultar en:

<http://www.europarl.eu.int/meetdocs/committees/mare/20040308/516218es.pdf>

<http://www.europarl.eu.int/meetdocs/committees/mare/20040218/516219es.pdf>

Despois da celebración da Comisión MARE e da aprobación do texto da mesma, houbo unha polémica en Galicia por un punto concreto dos moitos que ten: o afastamento ou non dun buque en perigo. Obviamente os responsábeis do afastamento do Prestige posicionáronse en contra das recomendacións do Parlamento, con gran eco nos medios de comunicación. A Comisión MARE escoitou a todo tipo de expertos de diferentes países, incluíndo a galegos como Felipe Louzán, profesor da Universidade de A Coruña, polo que as conclusións deste informe son as mellores posíbeis e dificilmente é sostible seguir mantendo unha postura cerril. Por outra banda, o afastamento de buques contradí outra directiva comunitaria, a relativa á creación de Lugares Refuxio.

Precisamente a definición e dotación de Lugares de Refuxio está sendo empregada de xeito pervertido por parte de políticos de todo tipo e diferentes institucións con obvios intereses para a construción dun porto, o porto exterior de A Coruña que en ningún caso podería ser un ‘porto refuxio’. Cumpre logo, non viciar a linguaxe confundindo termos, concepto e directivas comunitarias: unha cousa son os ‘lugares refuxio’ e outra moi diferente un ‘porto refuxio’.

Este porto non vai a ter ningunha relevancia para a seguridade na navegación marítima no marco definido polo Parlamento Europeo e dilapidará unha serie de recursos necesarios para o control e seguridade do tráfico marítimo en Galicia.

Por outra banda, as mareas negras como consecuencias de sentinazos ou remobilizacións de fuel do Prestige acaecidas en Semana Santa e Agosto do presente ano puxeron de manifesto a falla de protección e total indefensión na que se atopa o litoral galego. Ningún buque foi detido nin identificado. Neste tempo, Francia e Portugal detiveron a buques que ameazaron e contaminaron a súa costa, porque puxeron medios para que isto fora así, fundamentalmente vixilancia por satélite e radares apropiados. Neste senso hai que destacar que esta infraestrutura está a disposición xa en España pero é de uso militar, polo que resulta inaceptable que non se estea a empregar xa mesmo.

A Xunta de Galicia anunciou a creación dun *Plan de Continxencia fronte a Contaminación Mariña Accidental*. Meses despois séguese sen saber nada deste suposto plano.

PLAN GALICIA: MAREA GRIS

O coñecido como ‘Plan Galicia’ é un catálogo de infraestruturas de transporte

fundamentalmente. Non ten o mínimo esixible - nin na súa metodoloxía de elaboración nin de desenvolvemento nin de estrutura, nin de obxectivos - a un documento ou proceso para ser cualificado de *Plan*. Naceu como resposta do ex-presidente D. José María Aznar, ás protestas polo Prestige e converteuse nunha gran atracción de feira e quimera abstracta á que todos os grupos políticos dan o seu parabén xunto con medios de comunicación e organizacións sociais diversas. Todo elo sen ter en conta se soluciona algún problema estratéxico, sen estudos de viabilidade nin, dende logo, estudio sobre a súa sostenibilidade.

Efectivamente supón tan só a creación de infraestruturas de transporte (96,7% do total orzamentado), é dicir autovías, trens de alta velocidade e o xa mencionado porto exterior de A Coruña. En definitiva, potenciar o consumo brutal de enerxía, parte del fósil (petróleo), alonxarnos do protocolo de Kioto, fragmentar o territorio con consecuencias ambientais extraordinarias e desvertebralo socialmente por potenciar unicamente os polos.

Por outra banda podemos observar no rural anuncios de ‘dinamización’ da concentración parcelaria que contribuirán a degradar o medio ambiente rural, a paisaxe, o patrimonio e, como xa está máis que demostrado, non xerará beneficio económico algún para o medio rural galego.

As **piscifactorías** son outra punta de lanza do Plan Galicia. Neste momento hai previsto a construción dunhas 22 delas no litoral galego. Este tipo de construcións son completamente rexeitables dende un punto de vista ambiental e mesmo económico por diferentes razóns:

1. As piscifactorías estanse a proxectar en terreos da Rede Natura 2000, polo tanto en espazos naturais protexidos. Deste xeito vulnérase a Directiva de Hábitats. Ocúpase espazo mercado a prezos irrisorios e dilapídase o noso patrimonio natural. Podemos observar as consecuencias xa actualmente en Cabo Vilán, por exemplo. En Cabo Touriñán, preténdese construír a maior piscifactoría do mundo estragando este espazo singular.
2. As piscifactorías consumen recursos mariños ineficazmente: para alimentar á produción é preciso alimentala a súa vez con pensos de peixe extraídos en caladoiros de países subdesenvolvidos que son así esquilados sen beneficio para as poboacións locais. É polo tanto algo absolutamente ineficaz dende o punto de vista produtivo.
3. Contamina as augas do lugar onde se asenta con materia orgánica e compostos químicos diversos entre os que podemos sinalar os antibióticos.
4. Afai ao consumidor e intermediario á produtos *estandarizados* en canto a peso, tamaño e forma, polo que os produtos silvestres quedarán rexeitados co tempo.

Inda que as piscifactorías son benvidas localmente nun principio, contribúen a converter aos mariñeiros en simples asalariados e polo tanto á desaparición da profesión, a extinción da pesca artesanal, etc, creando unha dependencia económica de determinadas multinacionais e dependendo dos azares do mercado. A acuicultura en Galicia, de desenvolverse por onde pretende o Goberno da Xunta de Galicia en convivencia absoluta con multinacionais como Pescanova, suporá a desaparición da pesca de baixura artesanal. Había previstas un número significativo delas en Asturias que foron rexeitadas polo seu impacto ambiental e por afectar á Rede Natura 2000.

En definitiva, despois da marea negra do Prestige, ven a marea gris do Plan Galicia, coa aceptación e entusiasmo de boa parte da sociedade galega, poñendo de manifesto os dous factores claves no progreso social e no desenvolvemento económico seguen a fallar estrepitosamente: a formación dos recursos humanos e a democracia. O Plan Galicia supón

promover a insostenibilidade máis absoluta cos cartos de todos. Mentres o litoral segue desprotexido, agrávase o seu deterioro con proxectos brutais como o do porto exterior de A Coruña ou o rosario de piscifactorías que vai haber no litoral galego.

OS RESIDUOS NAS BALSAS.

Neste momento, nas balsas habilitadas *ad hoc* en Cerceda repousan 170.000 TN de fuel e outros residuos. Semella que obxectivo e trasladalas a SOGARISA en As Somozas onde (segundo anuncio un responsábel da empresa o día 10 de novembro) unha vez separado o fuel da fracción de residuos empregarase para alimentar a combustión en fábricas cimenteiras e centrais térmicas.

Dende o movemento ecoloxista galego queremos manifestar o noso máis rotundo rexeitamento a este proxecto pola gravidade da ameaza que supón para o ambiente e a saúde das persoas. As novas normativas europeas (Directiva 96/61/CE sobre a Prevención e controle integrado da Contaminación, Directiva 2000/76/CE sobre o funcionamento e as emisións da incineración e co-incineración de residuos, Estratexia comunitaria sobre dioxinas e furanos, Convenio de Estocolmo sobre a erradicación dos contaminantes orgánicos persistentes, etc) indican que o nivel de emisións actual é fortemente daniño para a saúde e o medio ambiente e establecen condicións de operación e límites de emisión moito mais estritos. No caso do fuel do Prestige, o contido en xofre (2-4%) e de metais pesados (zinc, cadmio e chumbo) sinala claramente a forte toxicidade das emisións consecuencia da posíbel incineración, agravada pola presenza de sales que aumentarían a emisión de dioxinas e furanos (recoñecidos como parte da “ducia sucia” que o Convenio de Estocolmo acordaba eliminar). Tendo en conta que o Prestige transportaba o fuel a Asia porque na UE estaba prohibido o seu emprego como combustíbel polo seu alto contido en xofre, queda clara a inviabilidade ambiental esta opción de “reciclaxe” dos residuos.

Neste punto, é perfectamente esixible o inicio do reciclado de todo este fuel e dos materiais que contén. Sabemos que pode ser unha labor cara e laboriosa pero isto non debe ser escusa para apostar por sistemas que agravarían a contaminación e terían graves consecuencias para o medio ambiente.

CONCLUSIÓN

1. Dous anos despois da marea negra do Prestige, hai numerosos puntos de contaminación nos espazos naturais galegos, isto é con fuel aínda visible. Os espazos naturais máis afectados son O P.N. Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas, o P.Natural de Corrubedo, Monte e Lagoa de Louro, Carnota-Monte Pindo e Costa da Morte. En conxunto a Rede Natura 2000 atópase moi afectada, particularmente nos espazos mencionados. O fuel distribúese fundamentalmente por coídos e cantís.
2. Segue a chegar fuel de xeito esporádico a numerosos puntos do litoral e de xeito continuo as praias de Nemiña e O Rostro, na Costa da Morte.
3. Polo expresado nos puntos 1 e 2 dedúcese que aínda é absolutamente necesario o operativo de extracción de fuel e recollida do mesmo. Rexeitamos o desmantelamento do operativo para a retirada de fuel do Prestige.
4. Os espazos naturais litorais galegos, concretamente os amparados baixo a Directiva de Hábitats e propostos a formar parte da Rede Natura 2000, atópanse desprotexidos de feito, contravindo as recomendacións da propia Comisión Europea.
5. Os estudos de avaliación do impacto da catástrofe do Prestige son claramente insuficientes. Non hai un documento de avaliación conxunto da catástrofe ata o momento e moitas especies, ecosistemas e espazos naturais non están sendo sometidos a ningún tipo de investigación; destacamos neste punto a Rede Natura 2000 de novo e as especies non comerciais.
6. A bioremediación estase a aplicar de xeito insuficiente, tanto metodoloxicamente como xeograficamente. Nembargante rexeitamos a visión triunfalista que existe en torno a esta cuestión pois non é ningunha panacea senón que simplemente é unha axuda á recuperación.
7. Tal e como se podía inferir polo acontecido noutras mareas negras en diferentes puntos do planeta, tal e como se podía predicir cientificamente, os danos estanse a ver actualmente: a redución das capturas de especies comerciais son moi elevados e directamente atribuíbeis ao fuel do Prestige. Este afecta á reprodución e recrutamento das diferentes especies. Nesta marea negra compróbase empiricamente o que xa quedou claro en moitas outras, por iso, a posición oficial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de minimizar o problema é unha irresponsabilidade carente da mínima ética política.
8. As pretendidas técnicas de “repoboación” que anuncia a Xunta de Galicia e que determinadas voces solicitan, son un completo disparate dende calquera punto de vista; caso de realizarse o seu éxito sería moi limitado e suporía un atentado gravísimo contra o medio ambiente mariño por múltiples razóns de orde ecolóxico, como por exemplo, reducir a variabilidade xenética. Estas medidas están a ser aproveitadas polas multinacionais do sector para dominar o mercado e atentar contra un espazo natural do litoral.
9. As nosas costas seguen igual de desprotexidas, dous anos despois. A pesar do gran avance que supuxo á Comisión MARE do Parlamento Europeo sobre Seguridade Marítima, non se avanzou nada. Antes ben, moitas das medidas propostas por diferentes institucións e colectivos supoñen incrementar os riscos na navegación ante as nosas costas.
10. O denominado “Plan Galicia” supón unha profundización nas causas que deron lugar a unha catástrofe como a do Prestige, polo que deducimos que apenas ninguén aprendeu algo dela. O “Plan Galicia” supón afondar na insostenibilidade das

políticas públicas, particularmente as de transporte e enerxéticas posto que só se propón transporte privado e/ou altamente dependente da enerxía; aloxámonos do cumprimento do Protocolo de Kioto. As agresións que o “Plan Galicia” ten prevista para o conxunto do territorio e espazos naturais de Galicia son inadmisíbeis, respostan a non ter feito ningún estudo de impacto ambiental e actuacións como as piscifactorías supoñen unha agresión definitiva. Así, parte do “Plan Galicia” contravén a lexislación Comunitaria, Española e Galega.

11. Neste momento os residuos do Prestige, o fuel e demais elementos manchados non iniciaron ningún proceso de reciclaxe, estando este pendente. O anuncio da súa queima supón un canto á ignorancia pois tal proceso, ademais de ilegal segundo as normas comunitarias, sería extremadamente contaminante e mesmamente tóxico e moi perigoso, debido a xeración de dioxinas e ao incremento, por exemplo da choiva aceda.

ANEXO I.

A seguinte táboa está extraída do traballo de Peterson et al. (2003) titulado **Long-Term Ecosystem Response to the Exxon Valdez Oil Spill** publicado no número 302 da revista *Science*, 302(pp. 2082-2086). Fundamentalmente trátase de comparar antigos paradigmas con novas apreciacións sobre os efectos dunha marea negra. Incluímolo neste informe pola súa claridade e interese para o caso que desafortunadamente séguenos a ocupar.

Table 1. Changing paradigms in oil ecotoxicology, moving from acute toxicity based on single species toward an ecosystem-based synthesis of short-term direct plus longer-term chronic, delayed, and indirect impacts.

Old paradigm	Emerging appreciation
<i>Physical shoreline habitat</i>	
Oil that grounds on shorelines other than marshes dominated by fine sediments will be rapidly dispersed and degraded microbially and photolytically.	Oil degrades at varying rates depending on environment, with subsurface sediments physically protected from disturbance, oxygenation, and photolysis retaining contamination by only partially weathered oil for years.
<i>Oil toxicity to fish</i>	
Oil effects occur solely through short-term (<4 day) exposure to water-soluble fraction (1- to 2-ring aromatics dominate) through acute narcosis mortality at parts per million concentrations.	Long-term exposure of fish embryos to weathered oil (3- to 5-ring PAHs) at ppb concentrations has population consequences through indirect effects on growth, deformities, and behavior with long-term consequences on mortality and reproduction.
<i>Oil toxicity to seabirds and marine mammals</i>	
Oil effects occur solely through short-term acute exposure of feathers or fur and resulting death from hypothermia, smothering, drowning, or ingestion of toxics during preening.	Oil effects also are substantial (independent of means of insulation) over the long term through interactions between natural environmental stressors and compromised health of exposed animals, through chronic toxic exposure from ingesting contaminated prey or during foraging around persistent sedimentary pools of oil, and through disruption of vital social functions (care giving or reproduction) in socially organized species.
<i>Oil impacts on coastal communities</i>	
Acute mortality through short-term toxic exposure to oil deposited on shore and the shallow seafloor or through smothering accounts for the only important losses of shoreline plants and invertebrates.	Clean-up attempts can be more damaging than the oil itself, with impacts recurring as long as clean-up (including both chemical and physical methods) continues. Because of the pervasiveness of strong biological interactions in rocky intertidal and kelp forest communities, cascades of delayed, indirect impacts (especially of trophic cascades and biogenic habitat loss) expand the scope of injury well beyond the initial direct losses and thereby also delay recoveries.

